

**PLAN DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA****DATOS DO/A ALUMNO/A:**

NOME E APELIDOS	
CURSO E GRUPO	3ºESO

**INFORMACIÓN SOBRE A MATERIA A SUPERAR
PROGRAMACIÓN 2ºESO****CONTIDOS TEMPORALIZADOS E DATAS DE EXAMES/ENTREGA DE TRABALLOS**

	DATAS	CONTIDOS/BLOQUES TEMÁTICOS
1º TRIMESTRE	Entrega de actividades 14/11/2023	Elementos da sintaxe da linguaxe. Elementos do contorno de traballo. Deseño de algoritmos utilizando ferramentas informáticas.
2º TRIMESTRE	Entrega de actividades 5/03/2024	Instrucións básicas: movemento, aparencia, sons e debuxo. Instrucións de control de execución: condicionais e bucles
3º TRIMESTRE	Entrega de actividades 21/05/2024	Operadores aritméticos e lóxicos Estruturas de almacenamento de datos. Variables e listas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN RECOLLIDOS NA PROGRAMACIÓN

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Instrumento de avaliación	Ponderación
Actividades	100%

Para que un alumno/a supere a materia **en xuño**:

1. Superar as tres avaliacións de xeito individual: Para superar as avaliacións o alumnado ten que ser cualificado positivamente no conxunto das mesmas.
2. Superar a avaliación final de xuño no caso de non ter superadas algunha das avaliacións (con toda ou parte da materia).
 - a. A nota da avaliación ordinaria de xuño será o resultado da seguinte ponderación:
 - Primeiro trimestre-20%
 - Segundo trimestre-40%
 - Terceiro trimestre-40%%
 - b. A materia pode aprobarse en xuño cunha avaliación suspensa sempre e cando a nota desa avaliación sexa como mínimo un 3 e a media das tres avaliacións sexa como mínimo un 5.

Os/as alumnos/as que non superen a asignatura desta forma terán opción a facelo nun **exame en xuño (data a marcar)**. Nesta convocatoria o alumnado terá que realizar un exame sobre a parte da materia non superada.

RECURSOS A UTILIZAR

- ACTIVIDADES ALOXADAS NA AULA VIRTUAL

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Será o xefe do departamento o encargado de dirixir e avaliar o programa.

Farase un seguimento continuado das tarefas a entregar por parte do alumnado, individualizando deste xeito a atención a este, e complementándoo, de ser o caso, con actividades de reforzo en aula.

Durante o desenvolvemento do programa, o profesor estará a disposición do alumnado nos recreos do luns (12:25-12:45) e do mercores (12:25-12:45) para resolver as dúbidas que teña sobre os contidos e actividades que debe reforzar para a superación da materia.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria . En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de recuperación correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Seguimento periódico do plan de traballo.
- Proba final.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES A SARDIÑEIRA
Av. da Sardiñeira, 41, 15008 A Coruña
ies.sardineira@edu.xunta.gal
Tlf. 881 960 150 Fax: 881 960 161



ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA

Para deixar constancia da información ás familias e alumnado, xúntase modelo de constancia desta información. ***A través de Abalar informárase ás familias de que se lle fixo entrega deste programa ao alumno/a con materia pendente.***

ANEXO

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS PARA O**ALUMNADO QUE PROMOCIONA DE CURSO CON MATERIAS SUSPENSAS:****INFORMACIÓN E COMPROMISOS DA FAMILIA**

Como xefa do departamento de Tecnoloxía , infórmolle que o alumno/a _____, actualmente matriculado/a no 3º curso de ESO, vai desenvolver durante o presente curso un programa orientado á recuperación das aprendizaxes non acadadas na materia de Programación do curso 2º ESO.

Este programa, inclúe os aspectos sinalados no documento adxunto (xuntar plan de recuperación).

Observacións que desexa facer constar a familia:

Asdo. O/a profesor/a da materia pendent: Elena Lalinde (xefa do departamento)

Asdo. Pai/nai ou titores legais

Deben devolver este documento asinado ao profesor/a da materia pendente.

En _____ a de _____ de 20____